

Estudo da valoración dos postos de  
traballo e elaboración da  
correspondente RPT

Concello de  
**CORISTANCO**



*VALORACIÓN  
DE PUESTOS  
DE TRABAJO*





## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>4</b>
<b>2. A VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.....</b>	<b>8</b>
<b>3. MANUAL DE VALORACIÓN DE POSTOS .....</b>	<b>20</b>
<b>4. VALORACIÓN DOS POSTOS MUNICIPAIS .....</b>	<b>40</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

Dentro de calquera organización o importe do soldo ou salario que debe pagarse a cada traballador é unha cuestión básica, non limitándose só á determinación do salario actual, senón tamén á retribución futura. Esta decisión ten efectos de longo alcance, tanto para a administración coma para o traballador; así, case calquera organización, grande ou pequena, sofre a mesma dificultade para chegar a unha solución adecuada para conseguir retribuír de maneira equitativa aos seus empregados.

A distribución equitativa da nómina dunha organización proporciona unha das mellores bases para obter relacións harmoniosas e ben fundadas entre a organización e o empregado así como para conseguir garantir o principio de igualdade, que debe ser un dos eixes fundamentais á hora de establecer as retribucións dos traballadores.

**Salarios absoluto e relativo.** Loxicamente os empregados preocúpanse polos salarios absolutos que lle corresponden en virtude do traballo que realizan ou achegan á organización e confían en que o perciben sexa proporcionado ou adecuado a ese traballo e que garde a debida proporcionalidade co que perciben o resto dos empregados públicos polo desenvolvemento das súas funcións. Obviamente, tamén, a organización preocúpase por conseguir que todos os empregados perciban salarios proporcionais e adecuados ao traballo que realizan.

Por salario absoluto enténdese a cantidade real en diñeiro que recibe o traballador pola labor que realiza, determinando a súa posición económica na comunidade e a cantidade de bens e servizos que pode adquirir; deste modo, o seu desexo natural é obter a maior retribución posible para mellorar a súa situación en cada un dos aspectos mencionados.

A retribución absoluta é tamén de vital importancia para a administración, posto que debe garantir que o custo destas é adecuado e proporcional as capacidades e recursos dos que dispón e por outro lado, na súa fixación debe ter en conta tanto as lexitimas aspiracións dos empregados como o traballo que estes efectúan.

A retribución relativa é a obtida polo traballador en relación coa gañada polos seus compañeiros de traballo. Esta ten especial importancia para garantir o principio de igualdade entre os empregados, posto que a igual traballo comparable debe percibirse igual retribución, evitando diferenzas carentes de xustificación. Este salario é moi relevante, porque aínda que o absoluto é fundamental para que os empregados dispoñan dun nivel de ingresos que lle permita

satisfacer as súas necesidades, que este sexa adecuado e proporcional ao que perciben outros compañeiros é fundamental para conseguir unha adecuada motivación destes e favorecer un bo clima laboral, porque se saben que o que perciben é proporcional ao desenvolvemento da súa labor, este desenvolverase de forma más adecuada.

Na determinación e administración de salarios existen outros factores que deben terse en conta a hora de fixalos, como o feito de un posto no seu día non contemplase todos os factores a valorar, que se producise unha mutación moi substancial das funcións do posto, os cambios normativos producidos, etc.

En todo caso, estes e outros factores dificultan o establecemento adecuado dos salarios, resultando complexo valorar con exactitude a achega dun traballador á súa organización.

Tamén a forma de execución do posto, pode ser un factor que incida no salario que percibe o empregado polas funcións que realiza. Ao determinar o salario para un traballador debe tomarse en consideración tanto o valor do traballo para a organización, como a eficiencia con que é realizado. A valoración de postos intenta determinar o valor de cada posto en relación co valor doutros e proporciona unha base para determinar as normas tendentes a suprimir desigualdades nos salarios. Con este obxecto, establecéncense programas de cualificación de méritos ou sistemas de valoración do desempeño.

A organización debe conseguir establecer os salarios de forma adecuada debendo garantir unha distribución equitativa e adecuada destes entre os empregados e para iso considerase fundamental unha valoración dos postos de traballo, dado que so mediante este sistema, isto é, valorar o traballo que se debe desenvolver no posto, é posible fixar unha adecuada retribución do posto de traballo.

Non hai fórmula máxica que permita establecer as retribucións absolutas ou relativas, ou que resolva de forma totalmente certa os factores que inflúen na súa fixación; non existe tampouco unha solución científica, posto que ningún asunto humano está suxeito a leis científicas exactas, non obstante, desenvolveuse un tratamento sistemático para os problemas de soldos e salarios que afectan tanto á administración como os traballadores e que proporciona unha das mellores solucións coñecidas actualmente. Esta técnica coñécese como valoración de postos de traballo.

**Definición da valoración de postos de traballo.** Aínda cando se poden atopar moitas definicións do termo "valoración de postos de traballo", existe un alto grao de similitude entre elas. Unha definición tan completa e precisa como poida atoparse é a ofrecida no *Industrial Job Evaluation Systems* do sistema de emprego dos Estados Unidos:

*Valoración de postos de traballo... é a operación completa que determina o valor dun posto individual nunha organización en relación con outros os seus postos. Empeza cunha análise dos traballos para obter descripcións dos postos incluíndo a relación das descripcións por medio dalgún sistema deseñado para determinar o valor relativo dos postos ou grupos de postos. Tamén inclúen a apreciación destes valores, establecendo os salarios máximo e mínimo para cada grupo de traballos, con base no seu valor relativo. A operación remata coa revisión final do sistema de salarios resultante.*

A definición mostra que a valoración de postos de traballo inclúe algúns aspectos principais tales como a obtención dos compoñentes dos postos, a súa análise, o ordenamento destes elementos en descripcións de postos, o estudo destes, a valoración dos postos por medio dalgún método de taxación e, por último, a apreciación dos postos de acordo coa valoración. Cada un destes aspectos require un plan de organización, a selección do persoal necesario para realizalo, un programa de formación adecuado para asegurar a comprensión e o coñecemento do que hai que facer e, finalmente, a execución dos moitos pasos detallados necesarios para completar o programa de valoración de postos de traballo.

**Obxecto dos programas de valoración de postos de traballo.** As organizacións que adoptan un programa de valoración de postos de traballo, xeralmente, esperan alcanzar varios obxectivos. Algúns dos citados con máis frecuencia son:

1. Proporcionar datos reais, definidos e sistemáticos para determinar o valor relativo dos postos de traballo.
2. Proporcionar unha base equitativa para a administración de soldos e salarios dentro da organización.
3. Proporcionar datos para establecer unha estructura de salarios comparable á de outras organizacións, concurrentes ao mesmo mercado de man de obra.
4. Permitir á administración medir e controlar con maior precisión os seus costos de persoal.
5. Servir de base para a negociación có sindicato.

6. Proporcionar unha estructura para a revisión periódica de soldos e salarios.
7. Crear principios claros e técnicas imparciais que permitan ao equipo directivo un tratamento más obxectivo dos salarios.
8. Axudar a selección, colocación, ascenso, transferencia e capacitación do persoal.
9. Aclarar funcións, autoridad e responsabilidade, o que á súa vez, axuda á simplificación do traballo e eliminación de operacións duplicadas.
10. Reducir queixas e rotación do persoal, aumentando así a moral do persoal e mellorando as relacións entre empresa e traballador.

Aínda cando a valoración de postos de traballo foi desenvolvida, principalmente, como axuda para determinar o valor relativo dos postos e para proporcionar un tratamento más ordenado, sistemático e equitativo aos problemas de soldos e salarios, a súa utilidade non se limita soamente á estrutura de tarifas. Segundo se desprende da lista de obxectivos anterior é evidente que as organizacións esperan que os plans proporcionen servizos adicionais noutras aspectos da operación, en consecuencia, que determine os elementos de cada posto, os ordene por escrito e os avalié, proporcionando, xeralmente, unha base más sólida para a práctica administrativa e de persoal, que a que posiblemente se obteña cando se seguen procedementos menos precisos.

**Limitacións dos plans de valoración de postos de traballo.** Aínda cando se poden enunciar moitos obxectivos nun programa de valoración de postos de traballo, calquera destes plans ten as súas limitacións. Algunxs obxectivos inclúen expresións cualitativas como "axudar" ou "reducir", os que defenden a valoración de postos de traballo non aseguran que o programa corrixirá ou eliminará completamente moitos problemas na determinación ou na aplicación de salarios, nin tampouco que a valoración de postos de traballo é substituta da discusión de contratos colectivos, cando existen relacións sindicais. Non obstante, como o sistema proporciona un tratamento ordenado e sistemático da determinación do valor relativo dos postos, axuda a reducir e a facer mínimos os errores e desigualdades. Por medio do sistema, unha organización achégase máis ao seu obxectivo xeral de obter un programa de soldos e salarios uniforme xusto e consistente.

## 2. A VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

Existen diversos sistemas para executar unha valoración de postos de traballo. No presente estudo utilizaremos o coñecido como **sistema de puntuación ponderado**.

Previamente ao sistema de puntuación, foi desenvolvido polos expertos o método de graos e o de clasificación, os cales presentaban a primeira escala concreta para medir o valor dun posto; non obstante, estes sistemas non permiten un estudo analítico, xa que na escala de graos os postos se miden na súa totalidade e non nas súas partes compoñentes. Moi pronto foi evidente que esta era unha debilidade básica do sistema e que se se desenvolvese algún método que dividise os postos nas súas partes compoñentes para permitir a comparación das partes, se obtería unha análise máis completa. O sistema de puntuación, proporciona este método.

A división dun posto nas súas partes compoñentes faise posible co emprego dunha escala formada coa selección de factores comúns aos postos dentro da clase en que se cualifica. Aínda cando os factores seleccionados se deben presentar na maioría dos postos que se van cualificar, acéptase que non se atopan na mesma proporción, polo que deben ser ponderados; por exemplo, cada posto pode requirir certo grao de formación académica, non obstante, a cantidade requerida non é a mesma para todos os postos dentro da clase que se cualifica. Os postos que se atopan na parte inferior da clase poden requirir ensino primario, mentres que os que se atopan nos niveis superiores requirirán educación universitaria. Polo tanto, é necesaria unha medida para determinar o grao no que cada factor se atopa no posto.

Co obxecto de proporcionar esta medida establecense graos para cada factor para medir as diferenzas nos requisitos dos postos que se cualificarán coa escala. A escala de puntuación non soamente proporciona un medio para analizar os postos parte por parte, indicando o grao no que cada unha se atopa, senón que tamén permite sinalar un valor específico para cada parte. A cada un dos graos de cada factor asígnase un valor en puntos.

En segundo lugar, tamén ha de terse en conta que os diferentes grupos de postos de traballo, aínda cando deben ser valorados co mesmo conxunto de factores, son afectados dun modo moi diferente por estes.

Tomemos como exemplo os postos dos niveis superiores de complemento de destino na Administración Pública e un factor de valoración de posto como pode ser a penosidade ou a perigosidade, xa recollidas no Estatuto Básico do Empregado Público. É evidente que este tipo

---

de postos, ocupados por funcionarios dos grupos A1 e A2 ou persoal laboral de titulación equivalente, desempeñan tarefas, en xeral, de traballo de oficina ou nun ámbito seguro e protexido nos cales estes factores puntuarán sempre valores próximos a cero, co que o valor total do posto se vería irrealmente reducido.

Consecuentemente, faise necesario ponderar convenientemente os factores empregados co fin de darles a importancia relativa que posúen no tipo de posto avaliado.

A escala de puntuación ponderada é o primeiro medio satisfactorio para realizar un estudo analítico e detallado dos postos permitindo que o calificador mida un posto, factor por factor, contra a escala. O avaliador elixe o grao de cada factor que con maior aproximación describe os requisitos para o posto, asignando o valor en puntos correspondente ao grao seleccionado. Estes puntos pondéranse convenientemente e a suma dos valores en puntos de cada grao ponderado será o valor en puntos do posto. O proceso de cualificación de postos neste método é, polo tanto, cuantitativo e analítico.

## O SISTEMA DE PUNTUACIÓN PONDERADO COMO MÉTODO DE VALORACIÓN DE POSTOS

**Factores que inflúen na construcción da escala.** Os factores básicos que deben ser considerados para o método de puntuación ponderada son a determinación do tipo e a clase de postos a valorar e o número de escalas necesario para cubrir os tipos e clases dos postos seleccionados.

En primeiro lugar, debe decidirse se o plan de valoración incluirá todos os postos de traballo ou ben estará limitado a un menor número de postos; ademais, debe determinarse a clase de postos a ser cualificados dentro de cada tipo. A escala de puntuación debe deseñarse de modo que se axuste aos postos que debe medir. Normalmente, unha escala non medirá máis dun tipo básico, aínda cando permitirá medir, dentro do mesmo tipo, unha clase bastante ampla, dende postos subordinados ata os postos de dirección.

A continuación deben seleccionarse os postos "clave" ou de referencia que representen cada un dos niveis principais de funcións, responsabilidades e habilidades para cada unha das clasificacións básicas seleccionadas. Isto permite aos que constrúen a escala traballar cun número relativamente pequeno de postos a seleccionar factores e graos, o cal facilita a tarefa.

Unha vez tomadas estas decisións pode iniciarse a construcción da escala ou escalas para o tipo e clase de postos seleccionados. Os pasos básicos necesarios na construcción da escala de puntuación son:

1. Seleccionar e definir os factores necesarios para medir unha clase particular de postos.
2. Determinar e definir os graos de cada factor.
3. Determinar o valor relativo que se asignará a cada factor.
4. Asignar os valores en puntos para cada factor.

**Selección de factores.** O termo "factor" ten un significado particular aos efectos da valoración de postos de traballo. Por factor, normalmente, pode entenderse un elemento, unha parte que serve para formar, compoñer ou constituír algo; a parte componente dun todo. Outro termo, "característica", é substituído por "factor" na literatura de valoración de postos de traballo; característica vén a ser a calidade ou propiedade que distingue a unha persoa ou cousa. En valoración de postos de traballo, o posto vén a ser o composto, o todo ou o tipo ao que se refiren as definicións anteriores. Debe establecerse unha clara distinción entre o posto e quen o ocupa, xa que non é o obxecto da valoración de postos cualificar unha persoa. Na Administración Pública este punto xa se atopa perfectamente clarificado dende o momento en que praza e destino son conceptos independentes.

En resumo, por factores ou características enténdense os elementos, as partes componentes ou as calidades que serven para distinguir. Por outra banda, hai elementos, partes componentes ou propiedades distintivas dos postos, soamente na súa relación coa valoración de postos de traballo polo tanto, deben ser seleccionados co obxecto de medir os postos e limitalos a este propósito soamente, requisito que obriga a eliminar calquera factor que se refira a persoa que ocupa un posto. A medición das persoas, a cualificación de méritos, é un proceso separado e independente da medición dos postos. Se non se fai esta distinción en cada una das fases da valoración de postos de traballo, que empeza coa selección dos factores dos postos, os resultados non serán precisos nin equitativos, porque se cualificase as persoas e non aos postos mesmos.

**Tipos de factores empregados.** Unha vez que se interpretou de xeito uniforme o termo factor, atópase en posición de coñecer o que é necesario seleccionar. Un exemplo de factores posibles sería o recollido na seguinte lista:

- Habilidade
- Esforzo
- Iniciativa
- Complexidade
- Xuizo
- Capacidade analítica
- Capacidade creadora
- Destreza manual
- Experiencia
- Condicións de traballo
- Requisitos mentais
- Capacidade para aprender
- Coñecemento das mercadorías

- Planeación de procedementos
- Responsabilidade sobre o traballo de outros
- Responsabilidade sobre o establecemento de políticas
- Responsabilidade sobre o persoal
- Responsabilidade sobre propiedades do diñeiro
- Inxenio
- Esforzo mental
- Esforzo físico
- Adaptabilidade
- Supervisión executada
- Supervisión recibida
- Precisión
- Contactos persoais
- Relaciós públicas
- Operacións de máquinas
- Habilidades sociais
- Formación académica
- Información confidencial
- Traballo monótono
- Aplicación
- Versatilidade

Unha vez que se tivo a oportunidade de examinar e discutir os factores comunmente empregados, tales como os enumerados na lista anterior, está preparado para pensar en termos dos factores necesarios para medir os seus propios postos.

*Compilación da lista preliminar de factores.* Pensando sempre nos postos específicos que se van cualificar coa escala deben suxerirse os factores que se considera que representan as partes componentes dos postos. Non debe intentarse ningunha limitación ao número de factores neste punto xa que é deseable incluír calquera factor que se considere importante nos postos. Unha vez que todas as persoas fixeron a súa contribución, a lista pode ser bastante extensa, o seguinte paso é analizar os factores listados para reducir o seu número a unha cifra manexable.

*Delimitación no número de factores.* Nos primeiros plans de puntuación empregábase un número relativamente grande de factores, ao redor de quince. Conforme o sistema é desenvolvido e refinado obsérvase unha tendencia marcada cara á diminución do número de factores empregados. É, dende logo, posible equivocarse tanto na dirección dun número moi limitado de factores coma na dirección contraria; se se considera un número moi pequeno a diferenciación entre os postos pode non ser a axeitada e a omisión dos elementos importantes dos postos pode afectar a precisión e o valor da valoración mesma, pola contra, se se emprega un número demasiado grande fórzase ao avaliador a efectuar distincións más precisas que as practicables.

*Definición de factores.* O seguinte paso é definir os factores que foron seleccionados. Para unha interpretación uniforme e consistente no significado de cada factor é necesaria unha definición concreta. A menos que cada un dos avaliadores use cada factor para medir exactamente o mesmo elemento en cada posto, presentaranse inconsistencias entre os distintos avaliadores, ademais, cada avaliador debe usar cada factor para medir o mesmo elemento en cada un dos postos que cualifica, de non o facer así, presentaranse inconsistencias dentro das súas valoracións. Calquera destas situacións, producirá unha valoración imprecisa e pouco equitativa.

As definicións dos factores deben ser redactadas nunha linguaxe simple, clara e concisa; as frases e palabras ambiguas deben ser evitadas, facendo toda clase de esforzos para expresar correctamente o que se pretende coa selección de cada factor. O proceso de cualificación, en

---

xeral, facilitase e expedita se os factores son doados de entender e se é posible a súa interpretación uniforme.

### **Determinación e definición dos graos.**

*Obxecto dos graos.* Na discusión da selección de factores sinalouse que os factores seleccionados deben ser importantes e se atopar na maioría dos postos da clase que se vai cualificar. Certamente non debe concluirse que os factores son importantes e existen en todos os postos na mesma extensión e grao. Por exemplo, todos os postos da clase poden requerir algunha formación académica por parte dos que os ocupan, non obstante, os postos serán diferentes no grao de educación requirido, algúns poden requerir non máis que saber ler e escribir mentres que outros poden requerir a educación representada por un título universitario, os postos restantes poden estar colocados entre os dous extremos. Co obxecto de diferenciar os postos en termos dos seus requisitos variables debe establecerse algún método de gradación. No método de puntuación resólvese este problema establecendo gradacións para cada factor da lista; estas gradacións reciben o nome de graos.

*Determinación dos graos.* A clase de postos que deben cualificarse debe ser estudiada co obxecto de que se estableza un número suficiente de graos na gradación. Deben analizarse os postos en termos de cada factor para determinar a cantidade mínima requirida nos distintos factores na serie de postos. Por exemplo, ao preparar os graos do factor formación regulada débese decidir o mínimo de educación necesario na clase de postos considerada. Se o mínimo especificado é unha educación básica, o grao un de educación representaría esta contía; o requisito inmediato superior en educación pode ser a educación secundaria, o grao dous sería determinado entón por este nivel académico. Se en ningún dos postos da escala se require unha educación superior a secundaria, a escala proporcionaría soamente dous niveis en formación.

*Definición dos graos.* Unha vez establecidos os graos deben ser definidos tan clara, concisa e explicitamente como sexa posible se espera que os avaliadores avalíen os postos en forma consistente e uniforme. Cando as definicións dos graos son ambiguas teranse fortes variacións na interpretación dos que empregan a escala. Como resultado teranse cualificacións de postos variables, perpetuándose as inxustizas en vez de reducillas ou eliminállas.

## Determinación do valor relativo dos factores.

*Obxecto da ponderación dos factores.* Aínda cando os factores seleccionados para unha escala de puntuación particular son elixidos porque se considera que son importantes na maioría dos postos para os que se prepara a escala, normalmente os factores non teñen a mesma importancia en todos os postos ou para a organización mesma. Algunxs factores son máis importantes porque os elementos que miden teñen maior importancia ou valor. Por exemplo, se os factores dunha escala particular fosen habilidade, esforzo, responsabilidade e condicións de traballo, debe facerse unha análise dos catro, en termos dos seus valores respectivos ou da súa importancia nos postos ou na organización.

A ponderación de factores é o intento para determinar o valor relativo dos factores en termos da súa importancia relativa dentro dunha clase de postos determinada nunha organización particular.

Aínda dentro dunha mesma organización, deben ponderarse os factores en forma diferente para cada escala distinta. Unha organización non debe intentar adoptar a escala doutra sen modificacións, deberá modificar os seus factores, así como o valor relativo para axustalos ás súas propias necesidades.

**Procedementos para a ponderación de factores.** Non existe fórmula ou guía exacta para determinar o valor relativo dos factores; cada organización debe confiar no bo xuízo dos que toman esta decisión. A información e a recompilación de ideas son moi útiles para obter unha avaliación aceptable dos factores, sendo a proba final que sexa aceptado por todos os grupos.

O primeiro paso para determinar o valor relativo dos factores é gradualos de acordo coa orde da súa importancia, sendo este método basicamente o mesmo que se emprega para avaliar os postos no sistema de gradación.

Ao sinalar o valor relativo dos factores, normalmente supонse que o seu valor total é de 100 por cento. O problema formúlase ao dividir esta cantidade entre os factores de acordo coa importancia que se lles considerou, tal como se determinou na gradación. A gradación dos factores axuda porque establece cáles factores son máis importantes e teñen maior valor que outros, pero non establece cál é a diferenza.

## APLICACIÓN DO SISTEMA DE PUNTUACIÓN PONDERADO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

A metodoloxía xeral anterior debe ser adaptada convenientemente ao caso concreto das Entidades Locais, en función das características particulares da estrutura de recursos humanos da Administración Local e do establecido no RD 861/1986, de 25 de abril e o Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como demais normativa reguladora dos empregados da Administración Local.

Débense tomar como referencia e orientación, así mesmo, os estudos realizados por diversos autores relativos a sistemas de valoración de postos na Administración Local.

Segundo a metodoloxía xeral descrita no apartado anterior, a primeira decisión debe consistir en determinar o límite de aplicación do sistema de valoración en canto ao tipo de postos de traballo que van ser valorados.

No noso caso, este punto ven determinado polo persoal estructural incluído na Relación de Postos de Traballo municipal.

O resto do persoal, independentemente doutros condicionantes laborais, xeralmente depende de subvencións doutras administracións ou son consecuencia da posta en marcha de programas ou servizos que non necesariamente terán arraigamento na estrutura municipal.

Segundo a metodoloxía xeral descrita no apartado anterior, a primeira decisión debe consistir en determinar o límite de aplicación do sistema de valoración en canto ao tipo de postos de traballo que van ser valorados.

Determinado o alcance de aplicación do sistema, atopámonos coa cuestión relativa ao modo en que o salario final destes dous tipos de posto é determinado dentro da Administración Local e, polo tanto, como debe ser valorado.

A retribución dos postos de traballo de persoal funcionario, segundo se determina no Capítulo III do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, do 12 de abril, divídese en retribucións básicas e

---

complementarias, as cales veñen determinadas, así mesmo, baseándose nun Grupo, un Complemento de Destino e un Complemento Específico<sup>1</sup>.

Vexamos, polo tanto, os componentes retributivos dun posto de traballo de funcionario.

**Grupo/Soldo.** Este elemento determina o nivel mínimo de formación regulada que lle debe ser esixido ao ocupante dun posto de traballo determinado para poder realizar as funcións responsabilidade deste.

A valoración da titulación mínima requirida para o posto obterase, polo tanto, dun modo directo e non será necesario aplicar factores, ponderacións nin outro sistema máis que a aplicación dunha táboa que recolla a valoración económica correspondente a determinado nivel académico.

Esta táboa xa se publica anualmente nos Presupostos Xerais do Estado e será, polo tanto, a que se aplicará neste estudo.

O montante salarial do posto no que corresponde a este concepto será o determinado pola Lei de Presupostos Xerais do Estado para cada grupo de funcionario (ou o seu equivalente laboral no noso caso) e, polo tanto, o sistema de valoración só deberá decidir o nivel de titulación académica necesario para desempeñar o posto de traballo.

**Complemento de Destino.** Este elemento valora as características do posto de traballo en función da súa situación relativa dentro da organización.

O RD 861/1986, do 25 de abril, indica os factores que deben ser valorados á hora de determinar o nivel de complemento de destino do posto:

- Competencia e mando
- Especialización
- Responsabilidade
- Complexidade territorial e funcional

---

<sup>1</sup> Productividades, dietas, etc., non forman parte da valoración do posto, senón da avaliación do rendemento do ocupante ou indemnización por gastos incurridos polo ocupante no desempeño da súa actividade.

Posto que o RD 861/1986, do 25 de abril, establece xa os factores de valoración para o Complemento de Destino, serán os que aplicaremos para este elemento.

O Complemento de Destino é unha escala non continua, polo cal o sistema de valoración máis conveniente é o de aplicación de factores directamente sen ponderación, de modo que se gradúe o nivel de Complemento de Destino incrementándoo graduadamente en función do procedemento que describiremos máis adiante.

**Complemento Específico.** Este elemento salarial valora outras características do posto de traballo en función da súa repercusión na persoa que o ocupa, independentemente da súa posición relativa no organigrama da organización.

O RD 861/1986, do 25 de abril, tamén determina os factores que deben ser valorados á hora de calcular o nivel de complemento específico dun posto de traballo:

- Especial dificultade técnica
- Dedicación
- Responsabilidade
- Penosidade
- Perigosidade
- Incompatibilidade

Neste concepto salarial, a equiparación entre posto de traballo funcionario ou laboral pode ser directa, posto que se trata xa dunha cifra total anual en euros en ambos os dous casos.

O sistema de valoración deberá establecer, polo tanto, o modo no que esta cantidade se calcula para o posto de traballo en ambos os dous casos.

Neste concepto salarial é onde si debe aplicarse a ponderación aos factores establecidos no RD 861/1986, do 25 de abril; posto que se trata dunha cantidade monetaria determinable dun modo continuo no que inflúen factores de valoración que teñen unha aplicación moi diferente en función do tipo de posto graduado xa anteriormente polo Complemento de Destino.

Deste xeito, factores como incompatibilidade ou especial dificultade técnica terán un baixo peso á hora de determinar o Complemento Específico en postos de baixo nivel de Complemento de

---

---

Destino (postos correspondentes aos menores niveis académicos), mentres que penosidade ou perigosidade serán de moi baixa ou nula aplicación nos postos de maior nivel de Complemento de Destino, correspondentes, en xeral, a traballo de oficina ou técnico nos que estes factores terán valores xeralmente de cero.

### 3. MANUAL DE VALORACIÓN DE POSTOS

Segundo as pautas definidas no apartado anterior, definiuse o sistema de valoración de postos tal e como se describe nas páxinas seguintes.

Este sistema aplica diferentes modos de valoración para a determinación de cada un dos compoñentes salariais do posto, de xeito que se adapten máis convenientemente ás características particulares que cada un deles pretende retribuír.

Deste xeito, divídese o posto de traballo en tres elementos que determinarán os tres correspondentes conceptos retributivos obxecto de valoración:

- Nivel académico esixido
- Factores organizativos
- Factores complementarios

O nivel académico esixido terá o seu reflexo no Grupo/Soldo correspondente (A1, A2, etc.); os factores organizativos determinarán o Complemento de Destino do posto de traballo; mentres que os factores complementarios valorarán o Complemento Específico correspondente. O resultado do proceso de valoración botará como resultado un Grupo, un nivel de Complemento de Destino e un Complemento Específico para cada posto de traballo.

Pasemos, pois, a describir a sistemática de valoración para os tres elementos retributivos.

## NIVEL ACADÉMICO ESIXIDO

Este elemento retributivo é determinado dun modo directo polo sistema de valoración de postos.

Cada posto de traballo, en función das características definidas polas súas responsabilidades, esixe unha titulación académica mínima para o seu desempeño.

Esta característica atópase determinada polo Grupo de clasificación profesional, definido no artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Non é obxecto de valoración, polo tanto, senon que se considera una característica primaria do posto a os efectos da valoración do mesmo.

Para os postos previstos para persoal laboral, estableceuse o sistema de equivalencia recollido na seguinte táboa:

Funcionario	Laboral
A1	I
A2	II
B	X
C1	III
C2	IV
AP	V

A valoración dos postos de traballo de persoal funcionario finalizarán coa determinación do Grupo de clasificación profesional.

No caso de postos de traballo para persoal laboral, aplicarase a táboa de equivalencia anterior, determinando o importe anual correspondente en función do establecido na Lei de Presupostos Xerais do Estado.

## FACTORES ORGANIZATIVOS

Para este elemento retributivo utilizarase un sistema de valoración de factores directo; é dicir, sen ponderación.

Dado que este elemento retributivo establece un Nivel de Complemento de Destino, o cal se trata dun sistema graduado, aplicarase unha sistemática que, partindo dun nivel de Complemento de Destino mínimo, incrementará o mesmo paso a paso en función dos valores obtidos en cada factor de valoración, como se describirá máis adiante.

O RD 861/1986, do 25 de abril, determina os factores que deben ser valorados á hora de determinar o nivel de complemento de destino dun posto de funcionario:

- Competencia e mando
- Especialización
- Responsabilidade
- Complexidade territorial e funcional

Nas páxinas seguintes se describe a sistemática de valoración de cada un destes catro factores.

## Competencia e mando

Considérase o «criterio» básico ou principal a ter en conta para determinar o nivel de Complemento de destino. Dentro do intervalo máximo e mínimo correspondente a cada Grupo A1, A2, C1, C2, Grupo sen titulación (AP) de funcionarios ou a súa equivalencia no caso de laborais.

Este factor principal será inicialmente clasificado dentro de catro niveis de competencia e mando:

- Baixo
- Medio
- Alto
- Superior

Estes niveis de competencia e mando identifican a posición relativa do posto de traballo dentro da súa propia carreira profesional.

Deste modo asignarase o valor "baixo" aos postos básicos dentro da súa categoría e "superior" aos de maior desenvolvimento profesional.

### a) Competencia:

O conxunto de dereitos e facultades dun órgano administrativo (posto de traballo), en relación coa distribución de competencias totais da Administración entre o conxunto dos seus órganos.

### b) Mando:

Facultade de ordenar, como superior, a realización dunha tarefa ao persoal ao seu cargo ou de coordinar o doutras persoas ou órganos non dependentes directamente deste.

### c) Valoración:

Sobre a inicial, de nivel mínimo atribuido a cada Grupo, considerarase:

#### Grupo A1:

Baixa.....Nivel 20—26.

Media.....Nivel 21—27.

Alta.....Nivel 22—28.

Superior...Nivel 24—30.

Para a graduación destes niveis utilizaranse os factores de especialización, responsabilidade e complexidade territorial e funcional.

#### Grupo A2:

Baixa.....Nivel 16—22.

Media.....Nivel 18—23.

Alta.....Nivel 20—24.

Superior...Nivel 22—26.

Para a graduación destes niveis utilizaranse os factores de especialización, responsabilidade e complexidade territorial e funcional.

#### Grupo B:

Baixa.....Nivel 14—20.

Media.....Nivel 16—21.

Alta.....Nivel 18—22.

Superior...Nivel 20—24.

Para a graduación destes niveis utilizaranse os factores de especialización, responsabilidade e complexidade territorial e funcional.

#### Grupo C1:

Baixa.....Nivel 14—20.

Media.....Nivel 16—22.

Alta.....Nivel 18—22.

Superior...Nivel 20—22.

Para a graduación destes niveis utilizaranse os factores de especialización, responsabilidade e complexidade territorial e funcional.

Grupo C2:

Baixa.....Nivel 14—18.

Media.....Nivel 16—18.

Alta.....Nivel 18—18.

Superior...Nivel 18—18.

Para a graduación destes niveis utilizaranse os factores de especialización, responsabilidade e complexidade territorial e funcional.

Grupo AP:

Baja.....Nivel 10—14.

Media.....Nivel 12—14.

Alta.....Nivel 14—14.

Superior...Nivel 14—14.

Para a graduación destes niveis utilizaranse os factores de especialización, responsabilidade e complexidade territorial e funcional.

A graduación dos factores de especialización, responsabilidade e competencia territorial e funcional na asignación do nivel dos distintos grupos farase da seguinte maneira: Por cada factor dos tres considerados que se alcance unha valoración superior ou igual ao 50% da total posible, incrementarase en dous niveis o complemento de destino mínimo establecido na escala.

Os postos de xefatura de área que só poidan ser desenvolvidos por A1 verán incrementado en un grado o complemento de destino.

## Especialización

Coincidente co concepto de «especial dificultade técnica», valorable, no seu caso e conjuntamente, nos supostos de que o fose no Complemento específico.

Valoración:

Sobre a inicial, do nivel mínimo atribuído a cada Grupo, cabe considerarse: de 1 a 33 puntos, por cada subconcepto.

1. Especialización teórica e práctica no desenrolo das funcións.

<b><u>Grado</u></b>	<b><u>Puntuación</u></b>
Baixa	Ata 11
Media	Ata 22
Alta	Ata 33

2. Esixencia de permanente actualización de coñecementos xurídicos, técnicos e científicos.

<b><u>Grado</u></b>	<b><u>Puntuación</u></b>
Baixa	Ata 11
Media	Ata 22
Alta	Ata 33

3. Cualificación do posto de traballo que permite abordar, sin axuda do superior, situacions de cierta complexidade.

<b><u>Grado</u></b>	<b><u>Puntuación</u></b>
Baixa	Ata 11
Media	Ata 22
Alta	Ata 33

## Responsabilidade

Coincidente con igual concepto, valorable, no seu caso e conjuntamente, nos supostos de que o fose no Complemento específico.

Valoración: 50 puntos (cada subfactor 10 puntos)

Sobre a inicial, do nivel mínimo atribuido a cada Grupo, cabe considerarse, de 10 a 50 puntos, en función dos seguintes subfactores:

- Responsabilidade penal.
- Manexo e traslado de fondos corporativos de forma habitual e contía considerable.
- Uso e custodia de bens patrimoniais de elevada contía.
- Relacións cós Organismos públicos e privados.
- Responsabilidade sobre a xestión.

## Complexidade territorial e funcional

Conxunto de ámbitos territoriais ou de relacións funcionais que caracterizan e peculiarizan o posto de traballo na estrutura organizativa da administración da Entidade:

A complexidade funcional é coincidente co factor de responsabilidade sobre o persoal, valorable no seu caso e conjuntamente, nos supostos de que o fose no complemento específico.

Valoración:

### 1. Territorial:

- Dispersión alta: 100 puntos.
- Dispersión media: 50 puntos.
- Sen dispersión: 0 puntos.

## 2. Funcional:

- Volume alto complexidade alta: 50 puntos.
- Volume alto complexidade baixa: 37,5 puntos
- Volume baixo complexidade alta: 25 puntos.
- Volume baixo complexidade baixa: 12,5 puntos.
- Sen complexidade funcional: 0 puntos.

## Cuestiós xerais

En ningún caso, nin por ningún concepto, podrá asignarse a ningún posto de traballo, nivel que non estea comprendido dentro do intervalo correspondente ao Grupo ao que corresponda a súa provisión. No suposto de atribuír a súa provisión a dous Grupos diferentes, o abano de niveis será o que comprenda ao nivel superior de ambos os dous Grupos.

## FACTORES COMPLEMENTARIOS

Para este elemento retributivo utilizarase un sistema de valoración de factores ponderado; é dicir, o resultante en puntos de aplicar a sistemática de valoración de cada factor, será ponderado en función do peso relativo do factor sobre o seu conxunto.

A suma da puntuación ponderada será o valor deste elemento retributivo en puntos.

O montante así acumulado repartirse, entón, proporcionalmente á puntuación obtida por cada posto de funcionario.

Deste cálculo obterase un "valor por punto" que será aplicado aos puntos obtidos por cada posto de traballo.

O importe resultante determinará o Complemento Específico do posto de traballo.

O RD 861/1986, do 25 de abril, tamén determina os factores que deben ser valorados á hora de calcular o nivel de complemento específico dun posto de traballo, polo que serán de aplicación neste caso:

- Especial dificultade técnica
- Dedicación
- Responsabilidade
- Penosidade
- Perigosidade
- Incompatibilidade

Nas páxinas seguintes descríbese a sistemática de valoración de cada un destes seis factores, así como a súa ponderación en función do Nivel de Complemento de Destino do posto funcionario ou o seu equivalente en laboral.

## Especial dificultade técnica

Característica particular do posto de traballo que implica un período de adaptación e/ou desenvolver un proceso de certa dificultade no seu razonamento. Supón para o que desempeña un posto desas características, unha cualificación que lle permite afrontar, sen axuda do superior, situacións ou condicións de maior complexidade ou dificultade das que son xerais na súa categoría profesional. Así mesmo leva consigo unha permanente actualización de coñecementos xurídicos, técnicos ou científicos. Para a súa determinación teranse en conta os seguintes subsectores:

1. Especialización teórica e práctica no desenrolo das funcións.

<b><u>Grado</u></b>	<b><u>Puntuación</u></b>
Baixa	Ata 11
Media	Ata 22
Alta	Ata 33

2. Permanente actualización de coñecementos xurídicos, técnicos e científicos.

<b><u>Grado</u></b>	<b><u>Puntuación</u></b>
Baixa	Ata 11
Media	Ata 22
Alta	Ata 33

3. Cualificación do posto de traballo que permite afrontar, sen axuda do superior, situacións de certa complexidade.

<b><u>Grado</u></b>	<b><u>Puntuación</u></b>
Baixa	Ata 11
Media	Ata 22
Alta	Ata 33

## Dedicación

